

MEMORIA DO ANO 2001

Dende que en 1984 fora creada a Federación de Cineclubes de Galicia, esta vén desenrolando unha serie de actividades que lle son propias, e outras que baixo a súa coordinación, organización e patrocinio veñen sendo desenroladas polos cine clubs que a integran.

Gran parte destas actividades vense ampliadas a concellos, asociacións culturais, asociacións de veciños, etc..

Moitos foron os encontros, reunións, congresos que se desenvolveron no ámbito estatal e mesmamente en outros países europeos e aos que se teñen asistido e participado con diferentes relatorios nas que se poñía de manifesto a realidade cultural cinematográfica galega e contribucións para o seu desenvolvemento e proxección cara o exterior.

Dentro dos habituais encontros cos responsables da Federación Portuguesa de Cineclubes, chegouse á conclusión, entre outras, da necesidade de crear un certame con carácter anual que sirva de proxección ás obras do cine independente e sobre todo aquelas realizadas polos xoves pertencentes ás escolas de imaxe de Galicia e Portugal. Ao mesmo tempo, preténdese que sirva como lugar de reunión, debate e intercambio de ideas de xente con máis experiencia no eido cinematográfico e os novos realizadores, técnicos, actores, etc..

Todo elo co único fin de promover e divulgar a nosa cinematografía conscentes das verdadeiras dificultades da súa exhibición nos canles habituais.

Consideramos necesario destacar as seguintes actividades que se realizan baixo a coordinación e financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia:

CICLOS CONXUNTOS

Integrados por unha serie de películas seleccionadas para proxectar rotativamente no maior número de cineclubes posible. Con isto preténdese a redución dos custos das películas. Estes ciclos teñen carácter trimestral e son subvencionados pola Federación de Cineclubes de Galicia. No ano 2001 os filmes seleccionados foron:

- El portero
- Una relación privada
- Calle 54
- La anguila
- Mifune
- Sexo por compasión
- El verano de Kikujiro
- La pérdida de los hombres

- Nacional 7
- Doctor Akagi
- Buffalo 66
- Recursos humanos
- Hana-bi
- Oriente es Oriente
- Obra maestra
- Casablanca
- Así es la vida
- Estrangulamiento
- Una sombra en la nieve
- Happiness
- Celebración
- Cautivos del mal
- Eyes wid shut
- Otoño en Nueva York
- La comunidad
- Traffic
- Amores perros
- Sunshine
- Gracias por el chocolate
- El círculo
- Corto y con filo
- El matrimonio de María Braun
- Nueces para el amor
- No quiero morir un domingo
- El viento nos llevará
- Acordes y desacuerdos
- Sacrificio
- Ni uno menos
- Bailar en la oscuridad
- La ley de Herodes
- Buena vista social club
- Sabiduria garantizada
- Bambozled
- Quiero ser famosa
- Gadjó dilo
- Silencio roto
- El secreto
- Antes que anochezca
- Oh brother
- Sei quen es
- Al ataque
- Tuvalu
- Comida rápida, mujeres activas
- Brother
- De profesión soltero
- Luna papa

Nestes ciclos participaron os seguintes cineclubes:

- Cineclub Padre Feijoo de Ourense

- Cineclub Adegas de Vilagarcía
- Cineclub Cangas de Cangas de Morrazo
- Cineclub Lumiere-Vigo de Vigo
- Cineclub Pontevedra de Pontevedra
- Cineclub O Castelo de Allariz
- Cineclub A Calexa de Monforte
- Cineclub Carballiño do Carballiño
- Cineclub Claqueta de Redondela
- Cineclub Groucho Marx do Barco
- Cine club O Poleiro da Guarda
- Cine club Valle Inclán de Lugo

SEMANAS DE CINE

Organizadas polos cine clubs coa colaboración e financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia. Pola súa transcendencia en cada localidade debido o seu variado contido e calidade na organización, dende que comezaron a celebrarse, hai xa algúns anos, veñen acadando un gran nivel de aceptación, xa que as películas e actividades realizadas son de grande interese incluíndo, frecuentemente, encontros e debates nos que participan personalidades relacionadas cos medios audiovisuais así como a realización de talleres de imaxe.

No ano 2001 celebráronse Semanas de Cine en:

Cineclub Adegas

- Pan y rosas
- Silencio roto
- Liam
- State and main

Cineclub Os Papeiros

- Silencio roto
- Amores perros
- Tigre y dragón
- Capitanes de abril

Cineclub Lumiere-Vigo:

- El destino
- Palabra y utopía
- Otro país

Cineclub Groucho Marx:

- Asesinato en febrero
- Doraemon
- Chocolat
- Marco Antonio
- Pau y su hermano
- Spot
- La sombra del vampiro
- El espinazo del diablo
- Amores perros
- Silencio roto

- Pokemon 3
- Antes que anochezca
- Son de mar
- Las flores de Harrison

Cineclub A Calexa:

- Quills
- Amores perros
- Al ataque
- Brother

V ENCONTRO LUSO-GALAICO DE AUDIOVISUAIS: Celebrado en Vilagarcía de Arousa os días 27— 28 de outubro de 2001.

Este 5º encontro continúa na liña de traballo dos anteriores e pretende profundizar na posición que poden adoptar os cineclubes e as propias federacións diante da produción, distribución e exhibición do cine que se fai no propio país.

Asistentes:

— Federación Portuguesa de Cineclubes:

André de Oliveira
 Liliana María da Silva Mendes
 Isabel Alves
 Joao Artur Pinto
 Paulo Martíns
 Paulo Goncalves
 Carlos Viana
 Antonio Pacos
 Victor Gomes
 Manuela Pato
 Amadeu Costa
 Alexandra Costa
 Victor Ribeiro
 Paulo Fontes

— Federación de Cineclubes de Galicia

Anxo Santomil
 Lola González
 Anxo Moure
 Alfredo Vázquez
 Marisa Nuñez
 Emilia López
 Carlos Mendez
 Chema Rodriguez
 Alberto Carnicero
 Manuel Precedo
 Ana Fernández
 Suso Novás
 Elena Becerra
 Angel García Calvo
 Luis Rodriguez Taus

Conclusións:

A Comisión Luso-Galaica de Audiovisuais naceu co desexo e esperanza de ser unha canle de comunicación e intercambio de proxectos e experiencias dos cineclubes de Galicia e Portugal e que permitiran saír da ignorancia mutua das respectivas cinematografías. Era consecuencia evidente das grandes distorsións da distribución comercial nos dous países, provocado polo predominio da produción norteamericana en detrimento das directrices europeas.

Os cineclubes defínense, unha vez máis, como alternativa á exhibición comercial, pero reivindicando agora apoios por parte da nova Europa que se pretende construír e que non deba ter exclusivamente unha compoñente económica e política.

Así, os cineclubes de Galicia e Portugal constatan que as obras cinematográficas dos seus países non son vistas as do ún no outro.

Actualmente, os cineclubes son a única expresión organizada do público cinematográfico con preocupacións culturais e ese público esixente é o que pode facer avanzar a cinematografía dun país. Como dicía Jean Renoir : “Unha cinematografía nace da interacción entre os filmes e o público”.

Os cineclubes deben asumir a idea e a implicación no sistema productivo, de buscar novos elementos baseados na alfabetización visual da sociedade por medio do debate e divulgación das nosas culturas a través da imaxe.

E incuestionable a importancia que acadaron os cineclubes na divulgación do cine galego e portugués converténdose, ca coordinación e esforzos das dúas federacións, nuns elementos eficaces a hora de intercambiar e proxectar material de produción de ámbolos dous países.

A instancias da Federación Portuguesa de Cineclubes, estase en vías de constitución, co apoio do Ministerio de Cultura de Portugal, dun circuíto alternativo de exhibición cinematográfica que teña como prioridade mostrar o cine portugués e películas europeas que non entran no circuíto comercial. Proponse que este circuíto sexa extensivo a Galicia mediante un acordo entre o Instituto Portugués do Cinema Audiovisual e Multimedia e o Centro Galego das Artes da Imaxe.

Para empezar a dar contido a estas conclusións a Federación Portuguesa de Cineclubes vai a organizar a 2º Mostra de cine galego en Portugal.

Pola súa parte a Federación de Cineclubes de Galicia asume a convocatoria dun concurso de guións cinematográficos e outro de curtametraxes que serán extensivos a Galicia e Portugal en colaboración coa Federación Portuguesa. O obxectivo principal é apoiar a creación, produción e exhibición do cinema galego e portugués.

**CINE CLUB ADEGA
MEMORIA ANO 2001**

O Cineclub Adegga, situado en Vilagarcía de Arousa, foi fundado no ano 1976. Dende entón, mantén unha programación regular proxectando unha película por semana.

No ano 2001 realizou as seguintes actividades:

Ciclo Historia do Cine: Dende o ano 1994 o Cineclub Adegga adica unha sesión mensual a proxectar unha película significativa dentro da Historia do Cine. No ano que nos ocupa os títulos seleccionados para este ciclo foron os seguintes:

- To be or not to be
- Casablanca
- Muerte en Venecia
- La reina de Africa
- Sunset Boulevard
- Metropolis
- Como agua para chocolate
- El cartero y Pablo Neruda

Ciclo a muller no cine: Este ciclo levase a cabo en colaboración coa Concellalía de Muller do Concello de Vilagarcía. Tódolos anos dedican o mes de Marzo a programar películas relacionadas coa muller para conmemorar o Día da Muller Traballadora. No ano 2001 o ciclo estivo integrado polos seguintes filmes:

- El harén de Madame Osmane
- Aimee y jaguar
- La fuerza del amor

Semana XXV aniversario:

- Pan y rosas
- Silencio roto
- Liam
- State and main

Programación variada:

- Calle 54
- Una relación privada
- El polvorín
- El portero
- Las confesiones del Doctor Sachs
- La virgen de los sicarios
- Bailar en la oscuridad
- La espalda del mundo
- Ni uno menos
- La ley de Herodes
- Brother
- Amores perros

- Nueces para el amor
- Comida rápida, mujeres activas
- Gracias por el chocolate
- Sunshine

Trimestralmente editan, para entregar os seus socios, un programa de man con toda a información referente a programación prevista do cineclub.

CINECLUB LUMIERE-VIGO
MEMORIA ANO 2001

Na primavera de 1993 nace na cidade de Vigo o Cineclub Lumiere-Vigo, o que supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data na que desapareceu o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Dende o primeiro momento mantén unha programación regular dunha película semanal.

En cada sesión entregan os socios un tríptico coa programación mensual e unha folla informativa correspondente a película dese día.

No ano 2001 proxectaron os seguintes filmes:

- La sombra del emperador
- El círculo perfecto
- Los mutantes
- Z
- Freeway
- Relaciones intimas
- Oleanna
- El silencio de un hombre
- A flor de piel
- Encuentros privados
- Beautiful people
- Lovers
- El hombre invisible
- Polish wedding
- The five senses
- Miss Monday
- Bamboozled
- Ni uno menos
- Sabiduría garantizada
- Requien por un sueño
- Corto y con filo
- El matrimonio de María Braun
- No quiero morir un domingo
- Tuvalu
- G.M. mean time
- Mujeres en el tejado
- Tigerland
- El círculo
- Trickbaby
- Ingenuas y peligrosas
- Hazme bailar mi canción

Semana de Cine: A Historia

- El destino
- Palabra y utopía

— Otro país

O cineclub Lumiere-Vigo, organizou, ademais, os seguintes ciclos en colaboración con diversas entidades:

Ciclo de cine e arquitectura

Ciclo de cine francés: en colaboración coa Alianza Francesa de Vigo. Unha película francesa o mes durante os meses que dura o curso escolar.

Ciclo “Amores que matan” en colaboración coa Concellería da Muller.

Ciclo “Feliz aniversario Hall” en colaboración coa Concellería de Cultura

Ciclo “Cine en versión orixinal” en colaboración coa Concellería de Xuventude.

CINE CLUB PADRE FEIJOO MEMORIA ANO 2001

O ano 2001 foi sen dúbida un ano de fructíferas colaboracións, tales como a do ciclo organizado co grupo local de Amnistía Internacional, ou as proxeccións realizadas con axuda de diferentes departamentos da Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Novamente a programación semanal tivo que sufrir a carencia de axudas das institucións, o que provocou a práctica ausencia de clásicos na programación. Maila iso, o Cineclub organizou para o Concello de Ourense, gratuitamente e sen pedir máis que os custes materiais da actividade, as proxeccións de cinema ao ar libre nas Festas de Corpus de Ourense, recuperando así unha tradición perdida nos últimos anos, e dotándoa de toda a espectacularidade da pantalla grande de dun bo sistema de son.

Recuperouse tamén outro tipo de actividade complementaria ás proxeccións, a dos cursiños de iniciación, neste caso cun sobre a técnica do guión, impartido polo profesor Carlos Hervella.

En vistas a conseguir non só maior afluencia de público senón tamén unha maior ligazón cos socios e socias, reforzouse a figura do socio con dúas novas modalidades: a de socio/a colaborador/a (que paga a maiores das coutas semanais 6 € e obtén diversos beneficios como participar en sorteos de carteis), e o de socio/a protector/a (que paga unha única cota de 60 € e ten todos os beneficios dos socios/as colaboradores/as). Ademais, o servizo de envío de noticias da programación por correo electrónico a quen o solicita, así como a web están a ter un éxito que garante que máis xente coñeza e se interese polas actividades do cineclube.

A programación no ano 2001 estivo articulada do seguinte xeito:

Programación semanal

- Boys don't cry
- Rko 281
- La perdición de los hombres
- La viuda de Saint-Pierre
- Doctor Akagi
- El círculo
- Nacional 7
- ¡Qué pasada!
- Infiel
- Harry, un amigo que os quiere
- Al ataque
- Tuvalu
- Comida rápida, mujeres activas

Celebración do Saint Patrick's day: en colaboración co departamento de inglés da Escola de Idiomas de Ourense foi proxectada a película "Despertando a Ned".

Ciclo "Os dereitos humanos": en colaboración don Amnistía Internacional de Ourense e co patrocinio da Universidade de Vigo, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Caixanova, Banco Pastor, Concellería de Cultura do Concello de Ourense.

- La vida y nada más
- La espalda del mundo
- El círculo perfecto
- El proceso
- Z

Aniversario da II República: dentro das actividades de conmemoración do Aniversario da II República organizadas pola Asociación de Amigos da República
— Galicia y Buenos Aires: presentada polo historiador Manolo González.

Especial lusofonía — Cinema en portugués: en colaboración co departamento de Lingua Portuguesa da Escola Oficial de Idiomas
— Estación Central do Brasil

Cinema en Alemán: en colaboración do departamento de Alemán da Escola Oficial de Idiomas
— Winter Sleepers

Cinema ao aire libre — Cinema en pantalla grande: ciclo de proxeccións ao aire libre para as festas de Corpus 2001
— La trampa
— La vida es bella
— Space cowboys
— La momia

Cinema e banda deseñada: dentro das XIII xoradas de Banda Deseñada de Ourense. En colaboración coa Casa da Xuventude de Ourense
— La princesa Mononoke
— Marco Antonio, rescate en Hong-Kong

Curso de guións cinematográficos: levado a cabo en novembro-décembro 2001 na Casa da Xuventude de Ourense. 20 horas, impartido por Carlos Hervella (profesor titular da Escola de Imaxen e Son de Vigo).

CINE CLUB A CALEXA
MEMORIA ANO 2001

O Cineclub A Calexa de Monforte centrou a súa actividade ó longo do ano 2001 na promoción dun tipo de cine, non comercial, que non é fácil de ver nas salas de proxección da capital de Lemos.

Neste senso, dende A Calexa, pasamos ó longo do ano as seguintes películas en formato 35 mm (unha película por mes).

- El portero
- Sandra (curtametraxe)
- Sexo por compasión
- El verano de Kikujiro
- El cielo abierto
- El bola
- La comunidad
- Comida rápida, mujeres activas

Nos meses de outubro e novembro tivo lugar a 2º Mostra de Cine de Monforte na que se incluíron os seguintes títulos:

- Quills
- Amores perros
- Al ataque
- Brother
- El círculo

Durante todo o mes de abril montaron, na Casa da Cultura de Monforte, unha exposición baixo o título de “O Cine a través dos cromos”, na que se mostraron preto dun cento de vellos álbums de cromos, sobre a temática cinematográfica e películas históricas. No mesmo escenario, en colaboración coa Delegación de Cultura do Concello de Monforte, montouse, durante a primeira quincena de outubro, unha exposición de programas de cine de man baixo o título “Cine mediterráneo e dos países nórdicos, 1900—1960”.

Tamén fóra do que son as proxeccións cinematográficas, o cineclub se segue a editar un boletín informativo mensual, no que, ademais de difundir a programación do mes, participan os asociados con críticas sobre películas, artigos sobre o mundo do cine e outras colaboracións.

O cineclub A Calexa, dende xaneiro ata outubro, mantivo unha páxina web en Internet que foi o escaparate da actividade da sociedade. Problemas técnicos fixeron que agora se atope en construción no portal galego ciudadesdixitais.org.

CINE CLUB CLAQUETA MEMORIA ANO 2001

O Cineclub Claqueta iniciou a súa andadura no ano 1994 na vila pontevedresa de Redondela, para contrarrestar a carencia dunha sala de cinema na comarca.

Nos primeiros anos, as proxeccións realízanse en formato 16 mm, mais a limitada oferta de películas neste formato e o mal estado de moitas das fitas, foron determinantes para que a partir do ano 1996 as proxeccións do cineclub realizáranse en 35 mm. A posibilidade de utilizar o proxector de 35 mm da Federación de Cineclubes de Galicia foi determinante no troco de formato de película.

Desde a súa creación, o cineclub conta co apoio do Concello de Redondela que cede a sala de proxeccións (Multiusos da Xunqueira) e subvenciona parte da nosa programación, ao igual ca Federación de Cineclubes de Galicia.

O ano 2001 supuxo a consolidación na actividade do Cineclub Claqueta, xa que mantivemos unha programación estable de cando menos unha película por mes. As películas proxéctanse en versión orixinal con subtítulos en español. Os/as asistentes as proxeccións reciben unha folla informativa sobre o filme.

As películas proxectadas no ano 2001 foron as seguintes:

- Luna papa
- Recursos humanos
- Obra maestra
- Nacional 7
- El silencio de un hombre
- La ducha
- La sombra del vampiro
- Dancer in the dark
- Gadjó dilo (El extranjero loco)
- El verano de Kikujiro
- Bread and roses (pan y rosas)
- Silencio roto

Esta programación foi posible gracias, en primeiro lugar, ós socios que apoiaron durante todo o ano as actividades da asociación.

Por outra banda, destacar a participación das seguintes institucións/asociacións que colaboraron dalgún xeito nas nosas actividades.

- Concellería de Xuventude do Concello de Redondela
- Concellería de Cultura do Concello de Redondela
- Consellería de Xuventude da Xunta de Galicia
- Federación de Cineclubes de Galicia

Cine forum: esta nova actividade tentou fomentar o debate entre o público asistente ás proxeccións. Realizouse en colaboración con distintos colectivos da vila.

- Boys don't cry. En colaboración coa Asociación de Mulleres Xanela
- La espalda del mundo. En colaboración con Entrepobos e Médicos Sen Fronteiras.
- L'espoir (Sierra de Teruel). En colaboración con Amigos da República.

CINE CLUB CANGAS
MEMORIA ANO 2001

O Cineclub Cangas, situado en Cangas de Morrazo, inicia a súa andadura no ano 1977 realizando actividades dun xeito non continuo. Será a partir de 1985 cando as súas actividades se converten en regulares. Dende a súa creación intenta potenciar a vida cultural da vila ofertando os cinéfilos filmes de calidade que non están incluídos nos circuítos comerciais.

Mantén unha programación regular de dúas películas ó mes.

A falta dun local acondicionado para tal uso, o cineclube Cangas continúa a desenvolver a súa programación no cine Galaxias.

No ano 2001 a súa programación estivo integrada polas seguintes películas, todas elas en versión orixinal:

- El camino a casa
- Buffalo 66
- Recursos humanos
- Doctor Akagi
- Buena vista social club
- Beautiful people
- Bread and roses
- Leo
- Para todos los gustos
- El tren de la vida
- Abajo el telón
- Luna papa
- Liam
- Nacional 7
- Sabiduría garantizada
- Bamboozled
- Pleno verano
- Nueve reinas
- La habitación del hijo
- Quiero ser famosa

Na actualidade, o cineclube non está a recibir ningunha axuda económica por parte do concello e insiste na necesidade de dotar o auditorio municipal co material indispensable para levar a cabo esta actividade. Isto suporía unha redución importante no apartado de gastos, que podería reverter moi favorablemente na programación.

CINE CLUB OS PAPEIROS
MEMORIA ANO 2001

Xaneiro: entrega dos premios “Lobo de Cinema 2000” os mellores traballos audiovisuais sobre medio ambiente de Galicia e Portugal. Acto desenvolvido no Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) en A Coruña coa entrega a:

- D. Ignacio Vilar, por “Polisóns”
- D. Ramiro J. Freire, por “Lupus o aventureiro”

Agosto:

— VIII Semana de Cine de Chantada. Proxeccións en 35mm na Praza do Cantón dos seguintes filmes:

- Silencio roto
- Amores Perros
- Tigre y Dragón
- Capitanes de Abril

— II Festival da Curtametraxe Galega “Semana Curta 2000”. Proxeccións en 35 mm de:

- Amor serrano
- Sandra
- A ti como se che di adeus?
- O globo
- A mercería

— “Clásicos na aldea”. Proxeccións en formato 16 mm nas aldeas de:

- El chico de Charles Chaplin

— Café Cinema con:

- María Vázquez (actriz)
- Hector Dieguez (director)

Setembro: Convocatoria dos Premios “Lobo de Cinema 2001”, certame Galego— portugués.

Decembro: XIII Xornadas de Cinema e Ecoloxía.

- “Festa do pao e do vinho” de Manuel Costa. Formato 16 mm
- “Historia dunha gaivota”; video— forum infantil
- Posta en funcionamento dun Zoótopo por Marisa Nuñez do Cineclub de Cangas

Xaneiro-decembro:

- Cinemateca “Mamasunción”.
- Préstamo de libros, bibliografía, revistas...sobre cinema.
- Préstamo de videos clásicos, curtametraxes e documentais.

CINE CLUB GROUCHO MARX
MEMORIA ANO 2001

O cineclub Groucho Marx de O Barco de Valdeorras, no ano 2001 levou a cabo as seguintes actividades:

- 130 proxeccións ordinarias no salón de actos da Casa de Cultura.
- XII Semana de Cine entre os días 23 de agosto e 3 de setembro.
- Colaboración co Instituto Martaguisela na Semana de Cine Educativo.
- Celebración do Día do Mestre
- Celebración do Día do Medio Ambiente.
- Celebración do Día de Muller Traballadora.

Para a realización de todas estas actividades as películas programadas foron as seguintes:

- Camino a casa
- Aimee y jaguar
- Iluminata
- La espalda del mundo
- Las razones de mis amigos
- Obra maestra
- El portero
- Casablanca
- Ni uno menos
- Besos para todos
- Liberty Heights
- Kafka
- Comida rápida, mujeres activas
- Granujas de medio pelo
- Anita no pierde el tren
- Pan y rosas
- Nacional 7
- Nueces para el amor
- A forza do amor (día das Letras Galegas)
- Harry un amigo que os quiere
- Luna papa
- El bola
- Bailar en la oscuridad
- La ley de Herodes
- Casi famosos
- El cielo
- Descubriendo a Forrester
- Los rios de color púrpura
- Brother
- Liam
- Asesinato en febrero
- Doraemon
- Chocolat
- Marco Antonio

- Pau y su hermano
- Spot
- La sombra del vampiro
- El espinazo del diablo
- Amores perros
- Silencio roto
- Pokemon 3
- Las flores de Harrison
- Son de mar
- Antes que anochezca
- Manolito gafotas
- Lazaro de Tormes
- Calle 54
- Very importan perros
- State and main
- Amor, curiosidad, prozak y dudas
- Flamenco
- Gracias por el chocolate
- El secreto
- Pan y tulipanes
- El verano de Kikujiro
- Más amigos hermanos
- El círculo
- Y tu mamá tambien

CINE CLUB O POLEIRO
MEMORIA ANO 2001

O Cineclub O Poleiro foi creado en setembro de 1998, aínda que a súa inscrición no Rexistro de Cineclubs de Galicia non se fixera efectiva ata marzo de 1999.

Empezou coa finalidade de servir como xerme de promoción cultural dentro da comarca do Baixo Miño, e propoñer puntos de encontro cultural dentro da nosa comunidade.

O Baixo Miño é unha rexión, como tantas outras fora das cidades, que viviu nos últimos tempos, pouco a pouco, a desaparición dos seus cines. Nestes intres, só o Cine Avenida da Guarda ten unha programación estable durante as fins de semana.

O cineclube O Poleiro organiza dous ciclos de catro películas que se proxectan no Cine Avenida de A Guarda o primeiro xoves de cada mes, excepto nos meses de verán. Sen embargo, durante o último ciclo quixeron facer a proba de dúas películas ó mes. Ademais da experiencia, isto permitiu diversificar a oferta e poder botar un ollada o esquecido cine galego.

Durante o ano 2001 proxectáronse as seguintes películas:

- Hana-bi
- Oriente es Oriente
- To be or not to be
- Nacional 7
- Lista de espera
- Bailar en la oscuridad
- Sei quen es
- Buffalo 66
- La ley de Herodes
- Buena vista social club

CINE CLUB PONTEVEDRA
MEMORIA ANO 2001

O Cine Clube Pontevedra foi fundado no ano 1954. Non so fai actividades culturais regulares para socios, senón que, tamén realiza cursos temáticos e asesora a Centros Culturais e de ensino que queren facer ciclos cinematográficos.

A programación deste cineclube no ano 2001, organizada por ciclos, pódese resumir do seguinte xeito:

Ciclo Historia do Cine: con este ciclo faise un percorrido pola historia do cine. No ano que nos ocupa estivo integrado por os seguintes filmes:

- Capricho imperial
- Un tiro de reserva
- La fierecilla domada
- Tire ou flanc
- Senso
- M. El vampiro de Dusseldorf
- Contra el imperio del crimen
- El hombre lobo
- Capitán Blood
- La pasión de los fuertes
- El delator
- Obsesión
- La sombra de la duda
- La canción de Bernardette
- Las campanas de Sta. Maria

Ciclo de cine adicado a muller: realizado tódolos anos no mes de marzo para conmemorar o día da muller traballadora. No ano 2001 estivo integrado por os seguintes títulos:

- Aime y Jaguar
- A los que aman
- Encuentros privados

Ciclo de cine galego: ten lugar no mes de maio, no que se celebra o Día das Letras Galegas.

- Sei quen es
- Nena
- Divertimento

Cine de actualidade:

- Sonatine
- La anguila
- Mifune
- Nacional 7
- Happi together
- Los idiotas
- Bailar en la oscuridad

- Niño nadie
- El viento nos llevará
- Acordes y desacuerdos
- Lista de espera
- Cosas que dejé en La Habana
- Cuarteto de la Habana
- Sacrificio
- Ni uno menos
- In the mood for love

Noites abertas:

- Saïd
- Las confesiones del doctor Sachs
- Solas
- Como un relampago
- El gran carnaval
- Una historia verdadera
- Z
- Johnny Guitar
- La semilla del diablo

Ciclo Cinema APA Pontecaldelas: proxeccións de curtametraxes cedidos polo CGAI e Xosé Zapata e do filme “Urxa”, tamén cedido polo CGAI.

Ciclo Cinema en Estibela: proxección do filme “El héroe del río”

Ciclo Cinema Cultura Quente en Caldas de Reis.

- Fort Apache
- Colorado Jim
- El último tren de Gun Hill

Ciclo Cinema de humor:

- Una terapia peligrosa
- Very important perros

Ciclo Cinema para a comunidade Xitana:

- Bichos
- Gato negro, gato blanco

Ciclo Cinema na rúa:

- Sleepy Hollow
- La comunidad
- Ghost dog
- El bola
- Space cowboys

CINE CLUB O CASTELO MEMORIA ANO 2001

O cineclub O Castelo nace en abril de 1992, tendo como finalidade a promoción cultural sen interese lucrativo algún e por outra banda tenta dar resposta a unha demanda latente que existía na sociedade, xa que en Allariz non hai sala de proxeccións comercial.

As primeiras proxeccións fanse en formato 16mm na Casa de Cultura do Concello de Allariz, o cal dende o primeiro momento avalou a iniciativa colaborando economicamente e cedendo de xeito gratuíto as instalacións.

A partir do mes de Outubro do 92 comézase a proxectar en 35 mm, que é co formato que se segue na actualidade.

Durante o ano 2001 a programación do cineclube foi ampla e variada tendo que destacar o **Cine de Nadal**, levado a cabo en colaboración co Concello de Allariz e de gran aceptación entre o público infantil, e o **Ciclo de Cinema Portugués** proxectado contando coa participación da Asociación Cultural Gente da Barreira. Ademais, o cineclube colaborou en programas de cine como **Cine ó Aire Libre**, **Domingos de Cine** ou **Cine de Noite**.

Os títulos que se puideron ver na vila allaricense foron os seguintes:

- Evasión en la granja
- Otoño en Nueva York
- El grinch
- La comunidad
- Traffic
- El bola
- El sexto día
- Cinco días e cinco noites. Ciclo de Cinema Portugués
- Terra fría. Ciclo de Cinema Portugués
- A sombra dos abutres. Ciclo de Cinema Portugués
- Space cowboys
- Goomer
- Nut (curtametraxe)
- A lingua das bolboretas
- O coxo (curtametraxe)
- Antes que anochezca
- O brother
- Sei quen es
- Como perros y gatos
- O bosque animado

CINECLUBE VALLE INCLAN

MEMORIA ANO 2001

O cineclub Valle Inclán de Lugo, volta a actividade no ano 2001. Proxectan so películas en versión orixinal, normalmente dous filmes o mes.

- Hana-bi
- Happines
- Celebración
- Aflicción
- La trama
- La perdición de los hombres
- Sabiduria garantizada
- De profesión solteros
- Luna papa